

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

**3484** *Real decreto 96/2019, do 1 de marzo, de reordenación e actualización da estrutura orgánica da Mutualidade Xeral Xudicial.*

#### I

O persoal ao servizo da Administración de xustiza réxese por diferentes estatutos xurídicos. Malia isto, e sobre a base común do artigo 122.1 da Constitución, os homoxéneos mecanismos de protección sociosanitarios están garantidos mediante a súa adscrición obrigatoria á Mutualidade Xeral Xudicial, o organismo que xestiona o réxime especial da Seguridade Social establecido para este colectivo, formando parte do mutualismo administrativo.

Da evolución e do desenvolvemento do mutualismo administrativo en España desde o século XIX e os primeiros montepíos de funcionarios ata o último tramo do século XX e a promulgación das normas creadoras das mutualidades actualmente existentes, nadas co obxectivo de atender as necesidades sanitarias e sociais das tres grandes categorías de funcionarios que conforman a función pública moderna, os funcionarios civís, os militares e os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, resultan os tres réximes especiais da Seguridade Social gobernados por entidades de xestión, a Mutualidade Xeral Xudicial entre elas, concibidas como organismos públicos vinculados á Administración do Estado por medio da súa adscrición aos diversos departamentos ministeriais de que dependen.

#### II

A estrutura organizativa da Mutualidade Xeral Xudicial ten a súa orixe no Real decreto lei 16/1978, do 7 de xuño, e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 3283/1978, do 3 de novembro, que asignou o seu goberno e administración á Asemblea Xeral, á Xunta de Goberno, ao presidente e ao xerente.

O texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, derogou o Real decreto lei 16/1978, do 7 de xuño, ben que mantivo, no seu artigo 6, as orixinarias características estruturais da mutualidade. Foi precisamente este artigo 6 o que, ao ser derogado –pero non substituído– pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, provocou un período de transitoriedade que concluíu coa aprobación do Real decreto 1206/2006, do 20 de outubro, polo que se regulan a composición e as funcións dos órganos de goberno, administración e representación da Mutualidade Xeral Xudicial. Esta norma establece unha estrutura orgánica baseada en dous tipos de órganos: os de participación no control e vixilancia da xestión, a Asemblea Xeral e a Comisión Permanente, presididas por un mesmo presidente, e o órgano de efectiva dirección e xestión, a Xerencia.

#### III

Nos últimos anos puxéronse de manifesto importantes disfuncións en relación cos órganos de vixilancia e control da Mutualidade Xeral Xudicial, derivadas fundamentalmente do sistema elixido para a formación da Asemblea Xeral, que afecta pola súa vez a

Comisión Permanente. En concreto, produciuse unha distribución desequilibrada, en termos de representación, dos membros que compoñen ambos os órganos.

Por outra parte, o artigo 3.3 do Real decreto 1206/2006, do 20 de outubro, relativo ao presidente da Asemblea, foi impugnado xudicialmente e anulouse mediante a Sentenza da Sección Sexta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, do 31 de marzo de 2008, o cal orixinou unha indesexable e indefinida situación de interinidade.

Ambas as circunstancias aconsellan dotar a Mutualidade Xeral Xudicial dun novo modelo de estrutura orgánica que defina *ex novo* o seu marco xurídico de organización e funcionamento conforme criterios de eficacia e eficiencia, contando coa presenza homoxénea e equilibrada dos diferentes corpos ao servizo da Administración de xustiza. Neste sentido, as principais novidades que achega este real decreto pretenden –tras detectar a etiología de tales disfuncións orgánicas– atallalas desde a súa orixe.

Pártese da base de que a Mutualidade Xeral Xudicial, como se declara no artigo 1 deste real decreto, é un organismo autónomo e, polo tanto, a súa organización debe axustarse aos parámetros ordinarios que caracterizan este tipo de entidades públicas. Desde esta premisa, o obxectivo é dotar a Mutualidade dunha estrutura orgánica máis moderna, operativa e racional, que permita mellorar a eficiencia e calidade da prestación do servizo público en termos homologables aos demais organismos do mutualismo administrativo.

Entre os novos órganos de supervisión da xestión da Mutualidade que este real decreto establece, o Consello Xeral garante a participación dos distintos colectivos integrados na Mutualidade e a súa debida representación. A súa configuración e calidades representativas non derivan de procesos de elección indirecta e de participación limitada dos mutualistas, senón do carácter democrático dos organismos públicos que designan os seus membros. A fórmula elixida, pois, non prescinde da súa vocación representativa, senón que modifica as pautas con que aquela se asegura, e contribúe a alixear o custo económico derivado dos procesos de elección a compromisarios da Asemblea Xeral. A súa conformación numérica asegura a presenza igualitaria de todos os colectivos a que dirixe a súa actividade a Mutualidade Xeral Xudicial.

A nova ordenación do presidente do Consello Xeral resulta consecuente coa súa actual estrutura e funcións e axústase aos canons xudicialmente fixados para asegurar o seu acomodo ás exigencias constitucionais.

A Comisión Reitora, presidida polo secretario de Estado de Xustiza, está conformada por membros ao máis alto nivel dos diversos órganos da Administración en que se integran organicamente os mutualistas e por integrantes do Consello Xeral, de maneira que as súas funcións se leven a cabo con criterios de racionalidade, eficiencia e proximidade ás aspiracións do colectivo.

As atribucións agora asignadas ao Consello Xeral e á Comisión Reitora aseguran, pois, unha óptima supervisión da actividade da Mutualidade Xeral Xudicial, ao cooperar dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais na óptima marcha do organismo e corrírse, ao tempo, as disfuncións que se viñeron observando no seu funcionamento.

Os mencionados motivos, presididos pola racionalidade, pola simplificación burocrática e pola redución de custos, están orientados ao obxectivo, sempre presente e prioritario, de seguir transformando, modernizando e, en fin, mellorando a xestión do servizo que se presta aos mutualistas e aos beneficiarios da Mutualidade Xeral Xudicial, ao que, así mesmo, contribuirá a posibilidade, aberta neste real decreto, de que os órganos colexiados poidan realizar as súas sesións mediante sistemas electrónicos e telemáticos.

A articulación desta nova ordenación da estrutura orgánica da Muxexu en forma de real decreto non obsta para a súa articulación conforme as previsións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo se establece na disposición adicional cuarta deste real decreto.

O texto deste real decreto someteuse a informe do Tribunal Constitucional, do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado, do Consello do Secretariado e das asociacións profesionais e organizacións sindicais.

Por todo o anterior, este real decreto adécuase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta conxunta das ministras de Xustiza e de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2019,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Natureza xurídica, finalidade e adscrición.*

1. O organismo autónomo Mutualidade Xeral Xudicial é un organismo público dotado de personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como de autonomía de xestión, nos termos establecidos para os organismos autónomos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Ten como finalidade xestionar e prestar de forma unitaria para todos os membros das carreiras, corpos e escalas da Administración de xustiza, para os funcionarios en prácticas ao servizo da dita administración e para os letrados de carreira que integran o corpo de letrados do Tribunal Constitucional, os mecanismos de cobertura do sistema de mutualismo xudicial establecidos no texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo de Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño.

3. Está adscrita á Secretaría de Estado de Xustiza do Ministerio de Xustiza, ao cal corresponde a súa dirección estratéxica e a avaliación e o control dos resultados da súa actividade.

##### Artigo 2. *Estrutura orgánica da Mutualidade.*

A Mutualidade Xeral Xudicial, para o exercicio das súas funcións, estrutúrase nos seguintes órganos:

a) Goberno de control e vixilancia da xestión:

1.º A Comisión Reitora.

2.º O Consello Xeral.

b) Executivo de dirección e xestión:

1.º A Xerencia.

2.º As delegacións provinciais.

##### Artigo 3. *Composición da Comisión Reitora.*

1. A Comisión Reitora estará integrada polos seguintes membros:

a) O secretario de Estado de Xustiza, que exercerá a presidencia da Comisión.

b) Un vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial, de procedencia xudicial, nomeado polo dito órgano de entre os seus membros.

c) Un membro da carreira fiscal, nomeado polo fiscal xeral do Estado, oído o Consello Fiscal.

d) O secretario xeral de Administración de xustiza.

e) O secretario xeral técnico do Ministerio de Xustiza.

f) O presidente do Consello Xeral da Mutualidade.

g) Dous membros do Consello Xeral da Mutualidade, elixidos de entre os integrantes dos corpos recollidos nas letras c), d), e), f) e g) do artigo 7.1 deste real decreto.

2. O xerente da Mutualidade asistirá con voz pero sen voto.
3. Como secretario da Comisión Reitora, con voz pero sen voto, actuará o secretario xeral da Mutualidade.
4. O presidente da Comisión Reitora poderá ser substituído polo secretario xeral de Administración de xustiza.
5. Os demais membros da Comisión Reitora serán substituídos polo órgano que os nomease, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.
6. Ás sesións da Comisión Reitora poderán asistir en calidade de asesores, con voz e sen voto, os directores de departamento da Mutualidade Xeral Xudicial, así como os funcionarios e expertos do organismo que se considere conveniente, por proposta da Xerencia.
7. A Comisión Reitora poderá constituír no seu seo –de entre os seus membros– comisións para o estudo de temas específicos e monográficos.

#### Artigo 4. *Funcionamento da Comisión Reitora.*

1. A Comisión Reitora reunirse polo menos unha vez ao semestre con carácter ordinario. Tamén se poderán realizar sesións extraordinarias por decisión do seu presidente, por propia iniciativa ou por solicitude da Xerencia ou da cuarta parte dos seus membros.
2. Os membros da Comisión Reitora poderán solicitar que se inclúan puntos na orde do día con quince días, polo menos, de antelación ao da súa realización.

#### Artigo 5. *Competencias e réxime de acordos da Comisión Reitora.*

1. A Comisión Reitora exercerá as seguintes funcións:
  - a) Aprobar o plan de actuación e a memoria anual da Mutualidade Xeral Xudicial.
  - b) Examinar e emitir informe sobre o anteproxecto de orzamento anual, así como o balance e as contas anuais do exercicio anterior.
  - c) Velar polo cumprimento das normas, así como propoñer cantas medidas xulgue necesarias para o mellor cumprimento dos fins da Mutualidade.
  - d) Resolver acerca de todos os asuntos que lle solicite a Xerencia.
  - e) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que establezan ou modifiquen prestacións.
  - f) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que se refiran á estrutura, á organización e ás funcións da Mutualidade Xeral Xudicial.
  - g) Adoptar os criterios necesarios para o outorgamento de prestacións non regradas e outras axudas discrecionais e ser informada pola Xerencia das que se concedan.
  - h) Designar os delegados provinciais da Xerencia da Mutualidade e os seus suplentes de entre a terna de candidatos propostos pola Xerencia. Na proposición da terna terase en conta o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, de acordo co previsto no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo.
  - i) Exercer as demais funcións que as normas legais ou regulamentarias lle encomenden.
2. Para que a Comisión Reitora quede validamente constituída requirirase a presenza do presidente e do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan e a da metade, polo menos, dos seus membros.
3. Os acordos adoptaranse por maioría dos membros presentes.

#### Artigo 6. *Funcións do presidente da Comisión Reitora.*

Ao presidente correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- a) Convocar e presidir a Comisión Reitora, dirixindo as súas deliberacións.

b) Remitir ás distintas autoridades e organismos os acordos e peticións da Comisión Reitora en uso das súas competencias.

c) Cantas outras atribucións e funcións lle confiran as normas legais ou regulamentarias.

## Artigo 7. *Composición do Consello Xeral.*

1. O Consello Xeral é o órgano de supervisión xeral da actividade da Mutualidade e estará constituído polos seguintes membros:

a) Dous membros da carreira xudicial, designados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

b) Dous membros da carreira fiscal, designados polo fiscal xeral do Estado.

c) Dous membros do corpo de letrados da Administración de xustiza.

d) Dous membros dos corpos de médicos forenses e de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

e) Dous membros dos corpos de xestión procesual e administrativa e de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

f) Dous membros do corpo de tramitación procesual e administrativa.

g) Dous membros do corpo de auxilio procesual e de auxiliares de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Todos os membros relacionados da letra c) á g) deste punto serán designados pola ministra de Xustiza, oídas as asociacións profesionais recoñecidas de forma oficial e as organizacións sindicais máis representativas a nivel estatal, conforme o disposto no artigo 6 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

2. O Consello Xeral elixirá, por maioría, un presidente e un vicepresidente de entre os seus membros. A duración do mandato será de catro anos.

O presidente e o vicepresidente exercerán o seu cargo ata que expire o seu mandato, ben que continuarán no exercicio das súas funcións ata a seguinte sesión do Consello Xeral, que deberá ter lugar no prazo máximo dun ano.

Corresponde ao presidente do Consello Xeral o exercicio das funcións que lle atribúe ao presidente dos órganos colexiados o artigo 19 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O vicepresidente do Consello Xeral exercerá as funcións do presidente en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Actuará como secretario do Consello Xeral, con voz pero sen voto, o secretario xeral da Mutualidade.

3. De conformidade co establecido no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurarase na designación a presenza equilibrada de mulleres e homes.

4. O órgano que en cada caso nomee cada un dos membros do Consello Xeral designará tamén o seu suplente en caso de vacante, enfermidade ou outra causa legal.

5. Os membros do Consello Xeral perderán a súa condición por acordo do órgano que os designase.

## Artigo 8. *Membros do Consello Xeral.*

1. Os membros que compoñen o Consello Xeral deberán concorrer a todas as súas sesións, salvo causa debidamente xustificada, ben sexa de forma presencial ou ben mediante o emprego de medios telemáticos e electrónicos.

2. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, os conselleiros serán substituídos polos seus suplentes.

3. A condición de conselleiro será incompatible co exercicio simultáneo do cargo de delegado provincial, así como coa prestación de servizos na Mutualidade Xeral Xudicial como funcionario ou empregado, calquera que sexa o seu réxime estatutario ou laboral.

## Artigo 9. *Competencias do Consello Xeral.*

O Consello Xeral ten as seguintes atribucións:

- a) Coñecer a memoria anual do organismo elaborada pola Xerencia.
- b) Coñecer o anteproxecto anual de orzamento, así como o balance e as contas anuais.
- c) Coñecer os plans de investimento e do plan de actuación do organismo.
- d) Propoñer, de ser o caso, cantas medidas, plans e programas sexan convenientes para o desenvolvemento dos mecanismos de protección do réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- e) Coñecer de cantos asuntos lle sexan sometidos polos outros órganos da Mutualidade.
- f) Exercer as demais funcións que as normas legais ou regulamentarias lle encomenden.

## Artigo 10. *Funcionamento do Consello Xeral.*

1. O Consello Xeral realizará sesión ordinaria unha vez ao ano para ser informado das cuestións a que se refiren as letras a), b) e c) do artigo anterior e cantas extraordinarias convoque o presidente, oído o Consello Reitor, ou cando o solicite unha cuarta parte, polo menos, dos seus membros.

Poderanse realizar as sesións do Consello Xeral mediante o emprego de medios telemáticos, por iniciativa da Xerencia da Mutualidade, oído o presidente.

2. O presidente convocará os membros ás sesións cunha antelación mínima de quince días hábiles no caso das sesións ordinarias e de sete días hábiles no suposto das sesións extraordinarias, salvo nos casos de urxencia, de conformidade coa lei.

A orde do día elaborada polo presidente farase chegar xunto coa convocatoria e a documentación complementaria necesaria. A cuarta parte, como mínimo, dos conselleiros poderá solicitar, cunha antelación mínima de trinta días, a inclusión de puntos na orde do día, os cales se deberán incluír salvo que outro órgano da Mutualidade sexa o competente para o seu debate e resolución.

3. De cada sesión elaborará a acta o secretario, que será remitida a todos os membros do Consello Xeral e sometida á súa aprobación na seguinte sesión ordinaria.

## Artigo 11. *Asistencia e acordos.*

1. Para a válida constitución do órgano, para efectos da realización das sesións requírase a presenza do presidente e secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e a metade máis un dos seus membros. En segunda convocatoria non se exixirá quórum especial.

2. Para os efectos de determinar o quórum de asistencia, computaranse aqueles membros que asistan ás sesións mediante medios telemáticos.

3. O réxime dos acordos axustarase ao principio de maioría de asistentes e o presidente terá voto de calidade en caso de empate.

## Artigo 12. *A Xerencia.*

1. A Xerencia da Mutualidade Xeral Xudicial é o órgano directivo de xestión e dirección do organismo.

2. O xerente da Mutualidade Xeral Xudicial terá rango de subdirector xeral e será nomeado e separado do seu cargo de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. O xerente da Mutualidade Xeral Xudicial exerce a representación ordinaria do organismo, así como, de acordo cos criterios xerais fixados pola Comisión Reitora, as

competencias de dirección, xestión e inspección das súas actividades para o cumprimento dos seus fins. En concreto, correspóndenlle:

- a) Dirixir os servizos técnicos da Mutualidade Xeral Xudicial e aprobar as normas sobre funcionamento e réxime interior.
- b) Implantar efectivamente o réxime de prestacións previstas no artigo 12 do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, para o cal elaborará as normas internas relativas ao réxime especial de Seguridade Social que resulten aconsellables e, en especial, as relativas á dispensación da asistencia sanitaria.
- c) Dispoñer os gastos e ordenar os pagamentos da Mutualidade, así como xestionar os seus recursos financeiros.
- d) Elaborar o anteproxecto de orzamento anual de ingresos e gastos da Mutualidade, a memoria anual de actividades e o balance de contas e resultados, de acordo coas disposicións vixentes.
- e) Recoñecer a condición de mutualista e beneficiario da Mutualidade Xeral Xudicial, así como as prestacións e outras axudas aos mutualistas e beneficiarios.
- f) Representar a Mutualidade en todos os actos e contratos, así como ante as autoridades, xulgados, tribunais, organismos, entidades e persoas naturais e xurídicas, salvo nos casos previstos no artigo 6.c) deste real decreto.
- g) Celebrar contratos, así como os acordos, convenios ou protocolos, incluídos os concertos para a prestación da asistencia sanitaria, con entidades públicas e privadas cuxa actividade sexa precisa para o mellor cumprimento dos fins da Mutualidade, de acordo coa lexislación vixente.
- h) Xestionar e administrar os bens e dereitos patrimoniais da Mutualidade.
- i) Allear, de conformidade co establecido na normativa do patrimonio das administracións públicas, aqueles elementos do patrimonio da Mutualidade que deixen de ser útiles para o cumprimento dos seus fins, para o cal se oirá a Comisión Reitora, tanto para o alleamento como para a determinación da falta de utilidade.
- j) Propoñer á Comisión Reitora a terna para o nomeamento dos delegados provinciais e dos seus suplentes.
- k) Exercer calquera outra competencia de dirección ou xestión que lle confiran as normas vixentes e aquelas outras que non estean expresamente atribuídas ao Consello Xeral ou á Comisión Reitora.

4. O plan de actuación prepararao a Xerencia. Terá, con carácter xeral, unha vixencia anual e axustarase á lexislación vixente, ás competencias da Mutualidade e ao orzamento aprobado para o exercicio.

Cando o exixan circunstancias especiais, poderase modificar no transcurso do ano ou ben adoptar outro ou outros novos. A execución do plan corresponderalle á Xerencia da Mutualidade, que instrumentará as alternativas e determinará os medios e procedementos oportunos para o seu cumprimento.

5. A memoria anual será elaborada pola Xerencia dentro do primeiro semestre de cada ano e será obxecto de exame por parte do Consello Xeral, e sometida á Comisión Reitora para a súa aprobación.

6. O anteproxecto de orzamento anual, así como o balance e as contas anuais, elaboraraos a Xerencia dentro do marco legal e de acordo coas disposicións vixentes.

7. A Xerencia da Mutualidade Xeral Xudicial contará cunha secretaría xeral e co resto das unidades que se consideren necesarias, co nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

#### Artigo 13. *Suplencia.*

A suplencia do xerente, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, corresponderá, sucesivamente, ao secretario xeral e aos titulares dos departamentos

que se establezan na correspondente relación de postos de traballo, caso en que se seguirá a mesma orde de departamentos establecida na relación de postos de traballo.

Artigo 14. *O delegado provincial.*

1. Nas delegacións provinciais da Mutualidade Xeral Xudicial existirá un delegado nomeado pola Comisión Reitora por un período de catro anos entre os tres candidatos propostos pola Xerencia que teñan a condición de mutualistas en activo con destino na capital da provincia correspondente. Cada candidatura incorporará o nome dun suplente que será nomeado, en tal condición, co delegado titular.

2. O delegado provincial actuará por delegación do xerente, na forma e co alcance que determinen as normas internas da Mutualidade e como órgano de enlace cos servizos centrais.

3. En caso de vacante, enfermidade ou ausencia do delegado, será substituído polo seu suplente.

4. O delegado e o seu suplente poderán ser removidos por decisión da Comisión Reitora, por proposta da Xerencia.

Disposición adicional primeira. *Réxime xurídico de recursos e de reclamacións previas.*

Os actos e as resolucións da Xerencia da Mutualidade, así como os dos delegados provinciais, ditados por delegación da Xerencia, serán susceptibles de recurso de alzada ante a ministra de Xustiza.

As resolucións da Comisión Reitora e do Consello Xeral serán susceptibles de recurso de alzada ante a ministra de Xustiza.

Disposición adicional segunda. *Indemnizacións por razón do servizo.*

O exercicio das funcións de conselleiro, presidente do Consello Xeral ou membro da Comisión Reitora, así como de delegado provincial, será gratuíto e non supoñerá exoneración de funcións.

Disposición adicional terceira. *Réxime de tesouraría.*

Os ingresos e pagamentos que realizará a Mutualidade Xeral Xudicial canalizaranse a través das contas abertas no Banco de España, conforme o establecido na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, e noutras entidades de crédito coas cales a Mutualidade, por razóns de axilidade na xestión e de eficiencia económica, considere necesario contratar para a prestación do servizo. Estes contratos adjudicaranse de conformidade coa normativa sobre contratos do sector público, mediante procedemento negociado cun mínimo de tres ofertas, e sen necesidade de exixir prestación de garantía definitiva, e axustaranse ao que, en todo caso, dispoña o artigo 109 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional cuarta. *Elaboración do Estatuto da Mutualidade Xeral Xudicial.*

No prazo establecido na disposición adicional cuarta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, presentarase ao Goberno o anteproxecto de estatuto que regulará a Mutualidade Xeral Xudicial nos termos establecidos no artigo 91 da citada lei.

Disposición transitoria única. *Renovación dos órganos.*

Os actuais compromisarios da Asemblea Xeral e o seu presidente permanecerán nos seus cargos ata o nomeamento dos membros do Consello Xeral exercendo as funcións que se lle atribúen ao Consello Xeral neste real decreto.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1206/2006, do 20 de outubro, polo que se regulan a composición e as funcións dos órganos de goberno, administración e representación da Mutuabilidade Xeral Xudicial, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Xustiza para que, logo de cumprir os trámites legais oportunos, adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación das disposicións contidas neste real decreto non supoñerá incremento do gasto público, nin xerará incremento nin de dotacións nin de retribucións nin de custos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición derradeira terceira. *Normativa supletoria.*

En todo o non previsto neste real decreto serán de aplicación, en canto á actuación e ao funcionamento dos órganos colexiados, as normas contidas na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como o réxime normativo previsto para os organismos autónomos na mesma lei.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva para o Estado a competencia en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Igualdade,  
CARMEN CALVO POYATO